

PAU 2025
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DA FILOSOFÍA
(Cód. 08)

O alumnado debe de responder ás CATRO preguntas da Proba. Se nalgunha responde a máis apartados dos que se piden só se avaliará o primeiro que desenvolveu.

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas, de forma global, ata un máximo de 1 punto.

A **cualificación de toda a Proba é de 10 puntos**, que se e distribúen do seguinte xeito:

PREGUNTA 1: ACTUALIDADE E UTILIDADE (2 PUNTOS).

O examinando/a debe producir un texto (neste caso unha disertación divulgativa titulada: “Estado: liberdade e contractualismo”) no que relacione criticamente a filosofía de **J. Locke** co contexto actual do constitucionalismo (neste caso motivado pola fragmento da Constitución Española 1978). Valorarase, entre outros elementos, que o examinando/a: (i) use criticamente conceptos chave da filosofía política de Locke (por exemplo: liberalismo, contractualismo, lei natural, lei moral, liberdade, comunidade, goberno civil, etc); (ii) manifeste creativamente a actualidade, vixencia e utilidade da filosofía deste autor verbo desta problemática, aludindo: (a) á diferenza entre o estado de natureza e a sociedade civil; (b) á relación entre a lei natural e lei moral; (c) á relación entre a liberdade individual e a necesidade de comunidade e goberno civil; (d) a importancia do poder lexislativo.

PREGUNTA 2: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO: COMPRENSIÓN Y EXPRESIÓN (4 PUNTOS).

O examinando/a deberá realizar un comentario de texto filosófico, situándoo no contexto, indicando o tema central, explicando as ideas principais e os conceptos chave do fragmento que se lle propón, sempre tendo en conta a duración da Proba. Debe manifestar a súa competencia de comprensión do texto e de expresión da súa problemática.

2.1 O fragmento proposto pertence a obra *República* Libro VI (509c-511e) referido a cuestión “*Cosmos, realidade e coñecemento en Platón*”. Valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto; (ii) a articulación-expresión do seu problema; (iii) á concreción da cuestión a partir da exposición dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles; (iv) a identificación da estrutura argumental no texto en relación ao pensamento do autor; (v) a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, poderase atender, entre outros contidos: (i) á comprensión do dualismo epistemolóxico (doxa/episteme) e a súa metáforas como é a alegoría da liña dos graos de coñecemento; (ii) a comprensión da función gnoseolóxica da “Idea” (Forma) e da dialéctica; (iii) en relación ao seu contexto, atenderas e á exposición alegórica e á orixe do *logos* filosófico. Algúns dos conceptos principais para aludir no texto poden ser: intelixible, sensible, ideas, imaxes, verdade, opinión, cognoscible, xeometría, razón, dialéctica, intelixencia, pensamento discursivo, crenza, conxectura.

2.2. O fragmento proposto pertence a obra *A gaia ciencia* (Libro IV) referido a cuestión **“Nietzsche: nihilismo, vitalismo e transvaloración”**. Valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto; (ii) a articulación-expresión do seu problema; (iii) á concreción da cuestión a partir da exposición dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles; (iv) a identificación da estrutura argumental no texto en relación ao pensamento do autor; (v) a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, poderase atender, entre outros contidos: (i) a comprensión das aportacións do Vitalismo na Filosofía Contemporánea como reacción ao positivismo científico e ás filosofías ilustradas da representación. ; (ii) ás formas, límites e función do nihilismo; (iii) a dimensión construtiva da transvaloración na crítica á cultura occidental, á moral socrática e á metafísica tradicional ; (iv) o sentido e significado do “eterno retorno” no contexto do vitalismo como afirmación da vontade de poder e como alegoría do “sobrehomme”. Algúns dos conceptos principais poden ser: vida, eu mesmo, momento-instante, existencia, “eterno reloxo”, “eterna confirmación e resolución”, etc.

PREGUNTA 3: APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 PUNTOS).

O examinando/a debe responder a UNHA das dúas opcións.

3.1. O examinando, apoiado nas citas da filósofa *H. Arendt*, debe explicar (e desenvolver tendo en conta o limitado tempo da duración da Proba), o problema fundamental que presenta a cuestión: **“A crítica ao totalitarismo. A condición humana en Arendt”**. Valorarase: (i) a comprensión das citas a través da capacidade de identificar ben o tema central que prantexan e articular o seu problema; (ii) á relación do tema con outros conceptos fundamentais do autor; (iii) a exposición argumentada do pensamento do autor en relación ás citas propostas e as obras estudadas. Deste xeito, deberá manifestar unha axeitada comprensión: (i) do sentido do fenómeno do totalitarismo como realidade política, social e filosófica; (ii) a crítica a súa forma dialéctica; (iii) a comprensión da condición e realidade humana expresadas nas principais obras da filósofa en relación á existencia, á acción ou ao compromiso. Algúns dos conceptos principais poden ser: igualdade, acción colectiva, liberdade, política, etc. A avaliación desta cuestión teórica debe facerse en base: (i) á pertinencia dos contidos informativos da resposta; (ii) á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición; (iii) á corrección expresiva e gramatical.

3.2. O examinando, apoiado nas citas do filósofo *Aristóteles*, debe explicar (e desenvolver tendo en conta o limitado tempo da duración da Proba), o problema fundamental que presenta a cuestión: **“Física e Metafísica en Aristóteles”**. Valorarase: (i) a comprensión das citas a través da capacidade de identificar ben o tema central que prantexan e articular o seu problema; (ii) á relación do tema con outros conceptos fundamentais do autor; (iii) a exposición argumentada do pensamento do autor en relación ás citas propostas e as obras estudadas. Deste xeito, deberá manifestar unha axeitada comprensión: (i) da relación entre a ciencia física e a metafísica en relación aos seus obxectos de reflexión propios; (ii) a problemática principal da Física en canto “ás nocións de causa e ás formas de cambio”; (iii) a problemática principal da metafísica en relación á concepción de “sustancia”; (iv) a importancia destas cuestións como eixos da Filosofía Clásica. Algúns dos conceptos principais poden ser: natureza, coñecemento, causa, sustancia, materia, cambio, etc. A avaliación desta cuestión teórica debe facerse en base: (i) á pertinencia dos contidos informativos da resposta; (ii) á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición; (iii) á corrección expresiva e gramatical.

PREGUNTA 4: CONCEPTOS FILOSÓFICOS (1 PUNTO).

O examinando/a deberá responder aos dous apartados.

4.1. Deberá separar en dúas columnas a serie de conceptos proposta, atendendo aos sistemas filosóficos que refiren:

- unha columna: res cogitans, método, racionalismo, evidencia.
- outra columna: empirismo, experiencia, causalidade.

A cualificación virá motivada polo seguinte parámetro: Cumprimentar ambas columnas: 0,5 puntos (*só se puntuará se conteñen todos os termos ben discriminados*).

4.2. Deberá definir ou o concepto de “res cogitans” ou o concepto de “empirismo”. Serán aceptadas as definicións establecidas por calquera dicionario de filosofía, enciclopedia filosófica ou manual de filosofía. Tamén se aceptará calquera outra proposición que expoña con claridade e precisión o significado e/ou os caracteres xenéricos e diferenciais do termo.

A cualificación virá motivada polo seguinte parámetro: Aportar a definición solicitada: Máximo 0,5 puntos en función da súa claridade e precisión. (*Non superar ostensiblemente a extensión orientativa detallada de tres liñas será un elemento formal a ter en conta positivamente na cualificación deste apartado*).